

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II

Criteriaos Xerais de Avaliación

1. A proba de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II constará de catro preguntas cun total de 7 exercicios:
 - **Pregunta 1 (Exercicio competencial do Bloque de Probabilidade e Estatística):** constará dun único exercicio de carácter obrigatorio.
 - **Pregunta 2 (Bloque de Alxebra):** o alumnado terá que escoller e realizar un exercicio de entre os dous que se propoñan.
 - **Pregunta 3 (Bloque de Análise):** o alumnado terá que escoller e realizar un exercicio de entre os dous que se propoñan.
 - **Pregunta 4 (Bloque de Probabilidade e Estatística):** o alumnado terá que escoller e realizar un exercicio de entre os dous que se propoñan.
2. A Pregunta 1, cun único exercicio, terá un carácter máis competencial. As Preguntas 2, 3 e 4 constarán, cada unha delas, de dous exercicios, sendo os 6 exercicios que constitúen estas 3 preguntas similares aos dos cursos anteriores.
3. Cada unha das preguntas terá unha valoración máxima de 2,50 puntos. Debe terse en conta, para as preguntas 2, 3 e 4, que se a/o alumna/o realiza os dous exercicios dunha mesma pregunta, só se terá en conta o primeiro exercicio que realice no seu caderno de exame para valorar e puntuar esa pregunta.
4. A puntuación global de cada pregunta distribúese en fraccións de punto, dependendo dos pasos intermedios para chegar ao resultado final. Deste xeito, os exercicios parcialmente resoltos ou con resultados incorrectos, poden acadar unha puntuación determinada dependendo do seu desenvolvemento.
5. No caderno de exame deberán figurar todas as operacións e cálculos necesarios para a resolución de cada exercicio. Todas as respostas estarán debidamente xustificadas, xa que se só se achega a solución sen ningún tipo de explicación, terá unha puntuación de cero puntos.
6. Permitirase o uso de instrumentos de debuxo e de calculadoras científicas que non sexan programables e que non teñan capacidade gráfica.
7. Xunto coa proba facilitarase a táboa da distribución normal.

8. Non se facilitarán fórmulas de ningún tipo.
9. No desenvolvemento dos exercicios valoraranse os seguintes aspectos de carácter xeral:
 - A exposición ordeada e razoada e a coherencia da resposta.
 - A capacidade de análise e de síntese.
 - A utilización dunha axeitada terminoloxía e notación matemática.
 - A facilidade e precisión na realización do cálculo.
 - A correcta contextualización das respostas ás preguntas do exercicio.
10. Non se valorará a resolución dun exercicio a partir da gráfica dunha función cando esta se constrúa baseándose soamente nos puntos obtidos a partir dunha táboa de valores (exceptúase o caso das expresións afíns).